




Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/12461/2024 10/07/2024

Area / Unidade RR.HH PE0000 MALB	Documento 10818I07FX	
Código de verificación  5Q2C 4D6D 1H3J 475I 14GU	Expediente 108/2024/556	
	Data 09-07-2024	

Asunto: Lista provisional de persoas admitidas e excluídas na convocatoria de fase de resultados do concurso ordinario de provisión de postos de traballo C.E. 1/19

RESOLUCIÓN

No BOP núm. 75 do 17/04/2024, publicouse a convocatoria da fase de resultados do concurso ordinario de provisión de postos de traballo, C.E. 1/19 nos termos establecidos nas bases da convocatoria do dito procedemento, aprobadas mediante resolución da concelleira delegada de Facenda e Administración, de data 24/05/2019 (BOP núm. 107, do 07/06/2019). Mediante Resolución, de data 15/05/2024, do Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, corrixiuse un erro material detectado no anexo de postos de traballo da devandita convocatoria da fase de resultados do concurso ordinario C.E. 1/19 (BOP núm. 95, do 16/05/2024).

O anuncio desta convocatoria foi publicado no BOE núm. 115 do 11/05/2024 e no DOG núm. 93 do 14/05/2024.

O prazo de presentación de solicitudes para participar nesta fase do concurso ordinario, C.E. 1/19, rematou o 05/06/2024.

O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4/07/2024 (BOP núm. 129, do 5/07/2024), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica.

Á vista do informe emitido polo Servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local do 4/07/2024 (BOP núm. 129, do 5/07/2024), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas na convocatoria da fase de resultados do concurso ordinario de provisión de postos de traballo, C.E. 1/19, que se recollen nos seguintes documentos:

- Listado provisional de persoas admitidas por empregado/a (CSV: 4F0W0U6N2W1P2N5F117A).
- Listado provisional de persoas aspirantes admitidas por postos (CSV: 3G66453T045U412O09NI).
- Listado provisional de persoas aspirantes excluídas por empregado/a (CSV: 1N304T6037432I2718O0).
- Listado provisional de persoas aspirantes excluídas por posto (CSV: 5A5W0W6R5S6X4431043N).
- Listado provisional de persoas aspirantes con outras exclusións (CSV: 5V4C3Q021I2S3L0I0YS5).

Segundo.- A listaxe de persoas admitidas e excluídas poderá consultarse no xestor de contidos SPO-Alfresco, na páxina web www.coruna.gal e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña.

Terceiro.- As persoas aspirantes excluídas, así como aquelas persoas que non figuren nas listaxes, disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista provisional, nos medios indicados, para reclamar ou emendar o defecto que motivou a exclusión ou omisión.

Esta emenda poderase realizar a través do procedemento “Achea de documentación e/ou alegacións a un expediente”, preferiblemente de forma electrónica, a través da sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal>), indicando no campo de descrición o número de asento do rexistro da solicitude de participación neste proceso selectivo.

Aquelas persoas que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou non aleguen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídas na relación de admitidas serán definitivamente excluídas do proceso.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratégica

José Manuel Lage Tuñas